

ANUNCIO.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 359/2018 do 10/04 o Alcalde da corporación procedeu a aprobar o PLAN OROSO DIXITAL 2018-2020 que pretende a consecución de diversos obxectivos en orde á definitiva implantación e difusión da Administración Electrónica no Concello de Oroso, dentro do cal se establecían entre outras medidas a posibilidade de reforzar temporalmente a plantilla de persoal do Concello durante o tempo en que dure o citado plan a fin de levalo a cabo.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 422/2018 do 23/04 aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria para a selección dun funcionario interino do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020” para servir de apoio os servizos xerais especialmente en materia de contratación na implantación do citado programa, así como a creación dunha bolsa de emprego nos termos contidos nas presentes bases.

LOGO DE VER que realizadas e avaliadas polo Tribunal de selección as diferentes probas previstas nas bases de selección este realizou proposta de nomeamento a favor da aspirante D^a. Manuela Varela Nuñel con DNI nº 32840361H para o posto de funcionaria interina, do Grupo C, Subgrupo C1, escala Administración Xeral, Subescala Administrativo para reforzar os servizos de Secretaría e Intervención na implantación do Plan Oroso Dixital 2018-2020, segundo acta do Tribunal de data 2/08/2018.

LOGO DE VER que, publicada a relación de aprobados e proposta de nomeamento realizada polo Tribunal de Selección, D^a. Manuela Varela Nuñel presentou con data de 10/08/2018 (RE nº 20180000002787) e dentro do prazo fixado a documentación requirida pola base nº 11^a das bases de selección que rexen o presente procedemento de selección.

LOGO DE VER que no mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, o aspirante seleccionado someteuse a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e que o resultado do citado recoñecemento foi apto.

LOGO DE VER que a base nº 13^a das bases de selección preveen igualmente a creación dunha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas da fase de oposición non obtiveran praza, ordeados de maior a menor puntuación, incluíndose no primeiro posto o aspirante nomeado no presente procedemento de selección.

TENDO EN CONTA o preceptuado no artigo 7 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos as que se teñen que axustar os procedementos de selección dos funcionarios de Administración Local, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. NOMEAR funcionaria interina de Administración Local, con carácter temporal para cubrir unha praza do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020”, á aspirante que se relaciona e coa puntuación final que se indica:

1 ^a	MANUELA	VARELA NUÑEL	7,270	13,10	20,370
----------------	---------	--------------	-------	-------	--------

O interesado deberá tomar posesión no prazo máximo de tres días hábiles contado desde a data de notificación da presente, de conformidade co establecido nas Bases que rexen a convocatoria do procedemento de selección da presente praza.

SEGUNDO: Aprobar, de conformidade co previsto na base 13^a das bases de selección que rexerán a convocatoria para a selección dun funcionario interino do Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala de Administrativo para o programa temporal “Oroso Dixital 2018 – 2020”, a creación dunha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas da fase de oposición non obtiveron praza, ordenados de maior a menor puntuación,

incluíndose no primeiro posto o aspirante nomeado no presente proceso selectivo e co seguinte contido e orde:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS
1ª	MANUELA	VARELA NUÑEL
2ª	MARÍA	FERNÁNDEZ BOUZAS
3ª	ANA	CALVO LÓPEZ
4ª	MARIÑA	POSE GARCÍA
5ª	ZITA	LÓPEZ TEJEIRO

TERCEIRO: Notificar a presente ao interesado así como publicar este nomeamento no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, co réxime de recursos que proceda.

RECURSOS:

Este acordo pon fin á vía administrativa.

Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da dita Lei 39/2015).

Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

En Oroso, asinado dixitalmente polo Alcalde en funcións.
O 20 de agosto de 2018.

Eduardo Veiras Rey.